



FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2025/2026

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL
DE RIBEIRA “ENRIQUE PAISAL”



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. OBXECTIVOS.....	2
2.1. Objetivos xerais.....	2
2.2. Objetivos específicos.....	3
3. CONTIDOS.....	4
4. METODOLOXÍA.....	4
5. AVALIACIÓN.....	5
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	5
6.1. Ponderación e procedimientos de evaluación en cada trimestre.....	5
6.2. Mínimos exigidos e cualificación mínima.....	5
6.3. Rúbrica da evaluación.....	7
7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo.....	6
8. Criterios para la ampliación de matrícula.....	6
9. Secuenciación e temporalización.....	8
10. Bibliografía.....	9

1. INTRODUCCIÓN

No último curso do grao profesional, o alumnado conta xa cunha base sólida que lle permite iniciar o estudo da composición e acadar unha comprensión máis profunda das obras para a súa interpretación. O itinerario de composición diríxese especialmente a quen deseche orientarse cara á composición, dirección, musicoloxía ou pedagoxía, pero está aberto tamén a calquera estudiante interesado en ampliar os seus coñecementos de escritura musical.

O enfoque céntrase no sistema tonal, a práctica do contrapunto (simple e imitativo) e o estudo do coral ao estilo de J. S. Bach, proporcionando recursos para o desenvolvemento temático e a integración dos aspectos horizontais e verticais ata chegar á forma canon. Complétase coa creación de pequenas pezas libres e exercicios de melodía acompañada, que fomentan a espontaneidade creativa.

Tamén se traballa o coñecemento básico dos instrumentos e das súas posibilidades técnicas, o que amplía os recursos compositivos, e a análise musical, que ofrece ferramentas metodolóxicas para comprender mellor as obras. Finalmente, inclúense prácticas de identificación auditiva e exercicios instrumentais básicos que favorecen a interiorización dos contidos técnicos e estilísticos.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxetivos xerais

- Habituarase a escutar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar criticamente a calidad da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.

- Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

2.2. Obxetivos específicos

Os obxectivos determinados no currículo da especialidade para os estudos de Fundamentos de Composición son:

- a) Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das distintas épocas e autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade.
- b) Utilizar os principais elementos e procedementos compositivos das épocas barroca, clásica e romántica.
- c) Realizar pequenas obras libres co fin de estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
- d) Escoitar internamente os elementos e procedementos estudiados, tanto na análise de obras coma na realización dos exercicios escritos.
- e) Analizar obras dende diferentes puntos de vista que permitan avanzar na súa comprensión.
- f) Coñecer a interrelación dos procedementos compositivos das distintas épocas coas estruturas formais que deles se derivan.
- g) Identificar a través da audición os procedementos apresos.
- h) Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudiados.

3. CONTIDOS

1º TRIMESTRE

- Unidade 1: Contrapunto por especies
- Unidade 2: Contrapunto invertible e canon á 8^a
- Unidade 3: Contrapunto imitativo

2º TRIMESTRE

- Unidade 4: Composición de pequenas formas musicais
 - Frase simple e período
 - Tema e variacións
 - Forma binaria simple

3º TRIMESTRE

- Unidade 5: Composición libre
- Unidade 6: Instrumentación e orquestración

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía concíbese como activa e dinámica, alternando de maneira equilibrada a teoría e a práctica para favorecer tanto a reflexión creativa como a aplicación inmediata dos coñecementos adquiridos. O proceso de ensino-aprendizaxe estrutúrase de forma progresiva e secuenciada, co obxectivo de facilitar unha adquisición sólida e gradual das competencias compositivas.

As sesións combinarán explicación teórica e práctica activa. O alumnado familiarizarase cos principios básicos da escritura musical —contrapunto, harmonía, forma, textura e instrumentación elemental— a través de audicións, exposicións, exemplos ao piano ou cos propios instrumentos. A continuación, aplicaranse estes coñecementos en exercicios prácticos na aula, tales como a creación de pequenos fragmentos, a harmonización de melodías ou o desenvolvemento temático, promovendo o traballo colaborativo, a participación activa e a resolución de problemas compositivos con apoio e corrección constante por parte do docente. Finalmente, reservarase un espazo para a revisión dos traballos realizados polo alumnado fóra da clase, analizándoos colectivamente para transformar cada corrección nunha oportunidade de aprendizaxe compartida, fomentando a autoavalación, a crítica construtiva e o desenvolvemento da responsabilidade individual e colectiva.

En conxunto, esta proposta metodolóxica entende a aprendizaxe como un proceso activo, diverso e adaptado ás características de cada estudiante, procurando que o estudo da composición

resulte significativo, inclusivo e eficaz, e que espertar o interese creativo sexa parte central da formación musical.

5. AVALIACIÓN

A avaliação do alumnado será continua e integradora, polo que resulta requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e a realización das diferentes actividades programadas ao longo do curso.

Como ferramenta principal de avaliação establecerase a entrega, ao final de cada trimestre, das **composicións** determinadas na programación. Estes traballos, recompilados e presentados de maneira organizada nun portafolios, permitirán comprobar o grao de adquisición dos contidos estudiados e constatar a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos á práctica creativa da escritura e á análise musical.

De acordo cos principios metodolóxicos indicados previamente, tamén se terá en conta a actitude do alumnado na aula, tanto cara ao profesorado como cara aos compañeiros e compañeiras, favorecendo un ambiente de traballo colaborativo e respectuoso.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final do curso será a media aritmética das tres evaluacións. A nota de cada unha das evaluacións será a media ponderada entre:

6.1. Ponderación e procedimientos de avaliação en cada trimestre

Composicións	90%
Actividades de aula	10%

6.2. Mínimos esixidos e cualificación mínima

Composicións	5,0
--------------	-----

6.3. Rúbricas de avaliação ordinaria

As rúbricas que se presentan neste documento son unha ferramenta común para garantir a **transparencia, a obxectividade e a coherencia** no proceso avaliador das ensinanzas profesionais do Conservatorio. Están deseñadas para proporcionar ao alumnado e ao profesorado un **criterio claro e**

compartido sobre o que se espera da materia e sobre como se valoran as distintas competencias musicais e académicas.

Dimensión avaliada	1 – Insuficiente	2 – Básico	3 – Competente	4 – Avanzado	%
Organización formal e estrutural (frases, seccións, formas sinxelas)	Sen estrutura reconñecible	Estrutura básica con errores	Estrutura clara e lóxica	Estrutura complexa ou creativa, dominio da forma	25%
Dominio técnico básico (tonalidade, harmonización elemental, contrapunto sinxelo)	Descoñece técnicas básicas	Coñece técnicas básicas con errores frecuentes	Emprega técnicas con corrección e coherencia	Integra varias técnicas, combina estilos e realiza transicións fluídas	25%
Tratamento instrumental e textural (distribución de voces, rexistro)	Non considera rexistros nin instrumentos	Considera rexistros con errores	Distribúe correctamente rexistros, equilibra voces	Distribución avanzada, creatividade tímbrica, variedade de texturas	15%
Creatividade e orixinalidade (ideas melódicas, motivos, texturas)	Carece de ideas propias; copia ou improvisa sen criterio	Ideas simples e pouco desenvolvidas	Ideas orixinais, coerentes co obxectivo	Ideas innovadoras, variedade de soluciones e estilo persoal fundamentado	20%
Entrega e presentación das partituras (formato, limpeza, notación)	Non entrega ou entrega fóra de prazo, notación deficiente	Entrega básica, con errores de notación ou formato	Entrega ordenada, notación clara e correcta, dentro do prazo	Entrega excelente: formato profesional, detalles expresivos completos, revisión final exhaustiva	15%

6.4. Aplicación ás probas extraordinarias

As **probas extraordinarias** (avaliacións de recuperación ou convocatoria de setembro) teñen como obxectivo permitir ao alumnado que non superase a avaliación ordinaria demostrar que alcanzou os obxectivos mínimos da materia.

Nas probas extraordinarias mantéñense os mesmos criterios de avaliación establecidos nas rúbricas ordinarias, salvo no relativo á **dimensión de actitude e participación**.

No caso das probas extraordinarias:

- Avaliarase coas **mesmas dimensións e pesos porcentuais** establecidos na rúbrica ordinaria.
- Os indicadores de logro permanecen **idénticos**, garantindo equidade e coherencia.

7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo

La atención a la diversidad debe garantizar estrategias pedagógicas inclusivas que respondan a las necesidades individuales del alumnado, promoviendo un entorno equitativo y estimulante. Su implementación se basa en adaptaciones específicas, recursos didácticos flexibles y acciones que fomenten el desarrollo integral de cada estudiante, independientemente de sus características personales, habilidades o contextos. La metodología propuesta se fundamenta en el modelo **DUA (Diseño Universal para el Aprendizaje)**, que busca ofrecer múltiples formas de acceso, participación y expresión para atender a la diversidad de estudiantes.

La atención a la diversidad incorpora mecanismos flexibles que aseguran respuestas pedagógicas adaptadas a las particularidades individuales, a los contextos socioculturales y a los distintos perfiles académicos. Estas prácticas buscan equilibrar la adquisición de las competencias con el reconocimiento de diferencias en ritmos de aprendizaje, motivaciones o condiciones físicas, sin comprometer los estándares curriculares básicos requeridos para la habilitación profesional. Dentro de este marco de referencia, todas las adaptaciones operarán dentro de los límites definidos por las competencias fundamentales de la asignatura, asegurando que las modificaciones no afecten la capacidad futura del ejercicio profesional. Este enfoque multidimensional prioriza la inclusión sin sacrificar la excelencia académica, integrando flexibilidad operativa con rigor curricular.

8. Criterios para a ampliación de matrícula

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matricula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rregistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignatura do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acada unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

9. Secuenciación e temporalización

6º curso do Grao Profesional

	Semana	Sesión nº / Unidade – Contido
1ª AVALIACIÓN	Semana 1	Sesión 1: Presentación + Avaliación inicial (introducción ao curso)
	Semana 2	Sesión 2: U1 Contrapunto por especies I
	Semana 3	Sesión 3: U1 Contrapunto por especies II
	Semana 4	Sesión 4: U1 Contrapunto por especies III
	Semana 5	Sesión 5: U2 Contrapunto invertible e canon á 8ª I
	Semana 6	Sesión 6: U2 Contrapunto invertible e canon á 8ª II
	Semana 7	Sesión 7: U2 Exercicios prácticos ·
	Semana 8	Sesión 8: U3 Contrapunto imitativo I
	Semana 9	Sesión 9: U3 Contrapunto imitativo II
	Semana 10	Sesión 10: Repaso
	Semana 11	Sesión 11: Avaliación
	Semana 12	Sesión 12: U4 Composición de pequenas formas musicais
	Semana 13	Sesión 13: U4 Frase simple e período
	Semana 14	Sesión 14: U4 Tema e variacóns I
2ª AVALIACIÓN	Semana 15	Sesión 15: U4 Tema e variacóns II
	Semana 16	Sesión 16: U4 Forma binaria simple I
	Semana 17	Sesión 17: U4 Forma binaria simple II
	Semana 18	Sesión 18: Repaso U4
	Semana 19	Sesión 19: Avaliación
	Semana 20	Sesión 20: Devolución
	Semana 21	Sesión 21: U5 Composición libre I
	Semana 22	Sesión 22: U5 Composición libre II
	Semana 23	Sesión 23: U5 Composición libre III
	Semana 24	Sesión 24: U5 Composición libre IV
3ª AVALIACIÓN	Semana 25	Sesión 25: U6 Instrumentación e orquestración I
	Semana 26	Sesión 26: U6 Instrumentación e orquestración II
	Semana 27	Sesión 27: Repaso U5–U6
	Semana 28	Sesión 28: Avaliación práctica / escrita final
	Semana 29	Sesión 29: Devolución/corrección avaliación · Actividade final
	Semana 30	Sesión 30: Peche curso – revisión global

10. Bibliografía

- FORNER, Johannes / WILBRANDT, Jürgen: Contrapunto creativo. Ed. Labor. Barcelona, 1993.
- MOTTE, Diether de la: Contrapunto. Ed. Labor. Barcelona, 1991.
- PISTON, Walter: Contrapunto. Ed. Labor. Barcelona 1992.
- SALZER, Felix / SHACHTER, Carl: El contrapunto en la composición. Idea Books. Barcelona, 1999.
- SCHOENBERG, Arnold: Ejercicios preliminares de contrapunto. Ed. Labor. Barcelona, 1990
- SCHÖNBERG, Arnold: Funciones estructurales de la armonía. Ed. Idea Books, S.A. Barcelona, 1999
- SCHÖNBERG, Arnold: Fundamentos de composición. Ed. Real Musical. Madrid 1989.